



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DIRIXIDAS A ENTIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2022

1. Bases xerais reguladoras

As bases reguladoras da concesión destas subvencións están publicadas no BOP número 138, de 23 de xullo de 2019,

2. Créditos orzamentarios aos que se imputa e Contía

O Concello de Muros poderá conceder subvencións de ata un máximo de 1.500,00 € por proxecto. A contía de todas as axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria sumará un máximo de 11000,00 €, con cargo á partida orzamentaria 22/334.48000, correspondente á anualidade 2022. Os importes dos créditos poderán ser obxecto de modificación, condicionados ás disponibilidades orzamentarias neste exercicio.

3. Finalidade e Obxecto

A finalidade e obxecto desta convocatoria será o definido no artigo 1 das Bases xerais e en particular: contribuír ao desenvolvemento de programas e actividades culturais concretas no concello de Muros, en particular aquelas destinadas á promoción e cooperación cultural e á difusión e animación sociocultural que contribúan ao espallamento da cultura galega.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade e de protección contra a violencia de xénero, non é subvencionable ningunha actividade ou actuación que inclúa contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que inciten á desigualdade ou violencia.

4. Beneficiarios, condicións e gasto subvencionables.

Serán beneficiarias as entidades que cumpran o estipulado nos artigos 14 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, e que reúnan os requisitos e as condicións contempladas no artigo 2 e 3. das Bases xerais.

Serán gastos subvencionables ou non subvencionables aqueles que se recollen no artigo 1. das Bases xerais, conforme co estipulado nos artigos 31 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 29 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia,

5. Órgano competente para a Instrución e Resolución

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrència competitiva e será aprobada por unha resolución da alcaldía ou órgano no que delegue, despois da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente.

Conforme ao establecido nos artigos 24 Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 21 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e o artigo 8 das Bases xerais crearase unha comisión de valoración que estará composta polos seguintes membros:

Presidencia: alcaldesa do Concello de Muros.

Secretaría: secretario municipal, que participará con voz pero sen voto.

Vogais: O interventor, ou funcionario do departamento de Asuntos Económicos no que delegue e un/unha técnico da área de Cultura.

Desígnase coma Órgano Instrutor, coas funcións previstas nos artigos 24 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 21 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, a persoa que teña funcións de técnico da área de Cultura do concello de Muros

6. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de un mes e iniciárase no día seguinte da



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

publicación desta Convocatoria no BOP da Coruña.

As solicitudes presentaranse nos modelos normalizados, por calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

7. Documentación a presentar coas solicitudes.

Ás solicitudes achegarase tamén a seguinte documentación, recollida no artigo 4.1 das Bases xerais regulamentarias:

Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade

Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade.

Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF da persoa representante.

Declaración de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, co Concello, coa Seguridade Social e coas Facendas do Estado e Autonómica, ou autorización ao respecto.

Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade.

Declaración orixinal da persoa representante de non estar afectada por causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da administración pública, e de aceptación das bases da convocatoria.

Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Muros en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades.

Acordo da entidade de aprobación da solicitude de subvención para o proxecto que se solicite.

Memoria explicativa da actividade que se vai realizar. A memoria deberá mencionar as persoas beneficiadas, directa ou indirectamente, da axuda, o calendario fixado e o compromiso de uso do galego.

Declaración doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.

Memoria explicativa das actividades realizadas pola entidade durante o último ano.

Orzamento estimativo de ingresos e gastos do proxecto para a actividade solicitada.

En aplicación do establecido no artigo, 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os solicitantes terán dereito a non presentar aqueles datos e documentos que xa estean en poder da Administración ou que foran elaboradas por esta.

O defecto, erro ou ausencia na presentación desta documentación deberá ser corrixido no prazo de 10 días dende a recepción do requirimento.

8. Prazo de Resolución e Notificación

A resolución de concesión notificarase expresamente a todas as entidades solicitantes de forma fidedigna nun prazo máximo de tres meses dende a data límite de presentación de solicitudes. As subvencións concedidas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Muros, na súa páxina web www.muros.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica sede.muros.gal.

Vencido o prazo máximo sen que sexa notificada a resolución expresa a persoa interesada deberá entender desestimada a solicitude por silencio administrativo.

9. Criterios de valoración das solicitudes

Segundo se recolle no artigo 6 das Bases xerais reguladoras, a selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades que se van realizar, valorando as seguintes circunstancias:

Calidade, interese, orixinalidade e carácter innovador do programa ou actividade desde o punto de vista cultural: 20 puntos.

Carácter social e integrador do proxecto: 15 puntos.

Carácter continuado e non ocasional do proxecto: 10 puntos.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

As actividades realizadas pola entidade durante o último ano: 15 puntos.

Adecuación das actividades que se van realizar ao interese municipal: 15 puntos.

Nivel de autofinanciamento derivado da solicitude: 10 puntos.

Número de persoas beneficiarias directa ou indirectamente polas actividades: 15 puntos..

10. Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións finalizará o día 15 de novembro de 2022.

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo, o Concello de Muros, mediante a resolución correspondente, iniciará expediente de declaración de procedencia de perda de dereito de cobro da subvención, con aplicación do procedemento previsto no artigo 89 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións 38/2003.

11. Fin da vía administrativa

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa, sendo susceptible de recurso de reposición perante o mesmo órgano que resolva, conforme o dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, no prazo de un mes a contar dende a día seguinte da recepción da notificación.

12. Referencia normativa.

En todo o non previsto na presente convocatoria e Bases específicas, serán de aplicación as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado por RD 887/2006, así como nas Bases xerais reguladoras da convocatoria das subvencións (BOP núm. 138/2019 do 23/07/2019).

ANEXOS (Impresos)